

FONTES E LAVADOIROS DA PARROQUIA DE MEIRA, COS SEU NOME E SITUACIÓN

Fonte e lavadoiro de Couso. Situado o lado de Aluminio Bazán na estrada de Meira de Arriba

Fonte dama con lavadoiro. Subindo ao lado esquerdo da estrada de Meira de Arriba, despois dunha baixada que se atopa a uns poucos metros antes da curva do Gaucho.

Fonte e lavadoiro dos Carballos. Na estrada de Meira de Arriba, ao lado do estanco de Otilia.

Fonte do Buraco. En Meira de Arriba, na baixada que vai do camiño do Regueiriño ao río do Atranco.

Fonte do Campo da Bouza. En Meira de Arriba, no Regueiriño, ao lado da casa da Ramona.

Fonte de Bacelar. En Reibón

Fonte das Nogueiras. En Reibón, ao pé do río do Atranco.

Fonte e lavadoiro de Refoxos. Ao lado do depósito de augas, en Refoxos.

Fonte do Crego. No lugar da Abilleira.

Fonte e lavadoiro de Quintáns. En Quintáns.

Fonte e lavadoiro da Tella. No Caeiro.

Fonte de Pintos. Na estrada xeral, ao lado da casa de Pintos.

Fonte de Pastoriza. Na subida da estrada xeral ao cemiterio de Meira, hoxe reformada e desprazada de lugar, traballada de xeito sensible e fermoso.

Fonte e lavadoiro de Caiagüa. Ao lado da ponte de Caiagüa.

Fonte das Raiñas. Detrás do colexio de Reibón.

Fonte da Cerval. No barrio do Latón.

Fonte e lavadoiro do Latón. Ao lado da praia que lle dá nome ao lugar.

Fonte e lavadoiro do Lourido. Ao lado do parque infantil, na subida ao Lourido.

Fonte do parque do Samertolameu.

Fonte do parque da Xunqueira.

**INVENTARIO DAS FONTES ACOMPAÑADAS DE PILÓN QUE SE ATOPAN
NOS MONTES DA PARROQUIA DE MEIRA**

Fonte da Moscosa

Fonte Lourido-Faro

Fonte de Xaxán

Fonte do Mirador dos Parentes

Fonte do parque dos Parentes

Fonte do embalse vello do Caeiro

Fonte das anguías

Fonte da Devesa

Fonte Luceira

Fonte Gorgosíño

Fonte Avelán

Fonte das Donas

FONTES E LAVADOIROS DA PARROQUIA DE DOMAIO, COS SEUS NOME E SITUACIÓNS

Fonte de Queixeira, con lavadoiro. No barrio de Verdeal.

Fonte do Crego. Ao lado o lavadoiro que colle a auga do río Miñouba, a fonte atópase na zona de Calvar e o lavadoiro en Verdeal (nas riadas do 2.006 quedaron totalmente destruídas)

Fonte da Rotea. No barrio de Calvar.

Fonte da Pasaxe, con lavadoiro. No barrio de Verdeal.

Fonte da Freixa, con lavadoiro. No barrio de Verdeal.

Fonte dos Carballiños. No barrio de Verdeal.

Fonte dos Torreirados. No barrio de Calvar.

Fonte Paradela. No barrio de Calvar.

Fonte Sanmartiño. No barrio de Calvar, din os veciños que ten un auga medicinal.

Fonte do Souto, con lavadoiro. No barrio da Costa.

Fonte Pumariño, con lavadoiro. No barrio da Costa.

Fonte de Santa María ou da Carretara Nova, con lavadoiro. No barrio de Palmas.

Fonte do Prado, con lavadoiro. No barrio de Palmas.

Fonte dos Lagucheiros, con lavadoiro. Situada na estrada principal, á man esquerda antes de chegar á Borna, no barrio de Palmas.

Fonte do Rial. En Verdeal

Fonte do Prado, con lavadoiro. En Verdeal.

Fonte da Punta Fondón. Para acceder a esta fonte hai que ir pola praia, pois xa se perderon os camiños, no barrio de Palmas.

Fonte de San Lourenzo. No mesmo barrio.

Fonte de Viduido, con lavadoiro pequeno. No barrio de Carballido.

Fonte do Mouro. En Verdeal.

Fonte da Fontiña. No barrio de Palmas.

Fonte Comores, con lavadoiro. No barrio de Carballido.

Fonte do Avelán, con lavadoiro. No barrio de Carballido.

Fonte Fontán, con lavadoiro. Subida ao campo de fútbol e situada debaixo do parque infantil que está a marxe dereita.

FONTES CON PILÓN, NOS MONTES DA PARROQUIA DE DOMAIO.

Fonte de o Couto

Fonte Chan da Arquiña (a principal)

Fonte Chan de Arquiña (a máis pequena)

Fonte Fontenla

As Aveas, manancial con cano e pilón

FONTES E LAVADOIROS DA PARROQUIA DO CARMEN, COS SEUS NOMES E SITUACIÓNS

Fonte e lavadoiro da Miranda. No lugar da Miranda

Fonte e lavadoiro da Gándara. Na Xeira

Fonte e lavadoiro da Martinga. No centro do pobo, na estrada de arriba.

Fonte e lavadoiro de Fontecán. No centro do pobo, na estrada de abaixo.

Mina de auga na Finca Pazó. En Quintela.

Fonte do Unicornio. No pazo do Rosal.

Fonte Principal. No pazo do Rosal.

Fonte do Durmiñón. No lugar da Seara

Fonte e lavadoiro de Pozo Negro. No lugar de Pozo Negro.

Lavadoiro da Barreira. No lugar do Redondo

Fonte dos Castaños. No lugar do Redondo

Mina de auga Olo do Corno. No Redondo

Fonte e lavadoiro dos Porcos. No lugar de Montenegro, Paradela.

Fonte de Montenegro. No barrio da Paradela.

Lavadoiro de López. No lugar de a Lomba, Paradela.

Fonte e lavadoiro do Cocho. No barrio da Paradela

Fonte da Paradela. No barrio que lle dá nome.

Fonte dos Salgueiriños. No lugar da Lomba, Paradela

Fonte do Prado. No barrio da Paradela

Fonte e lavadoiro das Carballas. No barrio da Paradela, foi remodelado todo o conxunto e o entorno quedando rematado con moito gusto.

Fonte do Ferreiro. No barrio do Redondo-Marrúa

Fonte e lavadoiro da Cova. No lugar de Bozafigueira

Fonte e lavadoiro do Cabalo. No barrio da Paradela

Fonte dos Milagres. No barrio de Berducedo-Piñeiro

Fonte e lavadoiro do Meixueiro. No barrio de Berducedo-Piñeiro

Fonte e lavadoiro do Arroas. Barrio de Berducedo-Piñeiro

Fonte e lavadoiro de Escobar. Barrio de Berducedo-Piñeiro

Mina de auga na casa de señor Benito o Caseiro, en Berducedo-Piñeiro

Mina de auga na casa de señor Xosé de Paz. Barrio de Berducedo-Piñeiro

Fonte do Beque, situada nas inmediacións do parque recreativo do mesmo nome.

Fonte e lavadoiro do Rei. No barrio da Fraga, foi feita no 1933 .

Fonte e lavadoiro do Brazas . No barrio da Fraga.

Fonte da Fraga de Abaixo. Foi construída cando era alcalde sr Benito Ferradas.Na Fraga tamén existen dous lagos que xunto coas fontes e lavadoiros , están pedindo a gritos simplemente unha limpeza.

FONTES CON PILÓN DOS MONTES DE MOAÑA

Fonte, pilón, embalse no Outeiro. No Outeiro

Fonte e pilón da Romilda. Situado na pista que vai dende o Outeiro a Broullón

Fonte con pilón do Pouso das Cruces. Situado no mesmo lugar

Fonte do Bolelo. Situado antes de chegar ao monte Xestoso

Fonte e embalse da Paralaia. No monte da Paralaia

Fonte e embalse do Miradoiro da Fraga. No mesmo lugar

Fonte e embalse do Cabalo. Situado na estrada a Fraga-Marin

Fonte e embalse de Regadantes. Situado na estrada a Lago Castiñeiras

Fonte e embalse de Xaxán. No mesmo monte Xaxán

Fonte das Chans de Xaxán.

Fonte e pilón das Cernadas. Situado na estrada a Fraga-o Beque

Manancial e embalse do río Grande. Situado no barrio de Broullón

FONTES E LAVADOIROS DA PARRROQUIA DE SAN MARTIÑO, OS SEUS NOMES E SITUACIÓN

Fonte do Xastre. No barrio de Broullón

Fonte do Miradoiro das Fragas. En Broullón

Fonte e lavadoiro do Franco. No barrio de Broullón

Fonte e lavadoiro da Marica. No barrio de Broullón

Fonte e lavadoiro da Salvante. No barrio de Broullón

Fonte e lavadoiro de Augas Arriba. Situado no lago de Abelendo

Fontes de Augas de Abaixo. No lago de Abelendo

Fonte dos Labrados. No barrio de Abelendo

Fonte da Vila, con estanque para regadío. No barrio de Abelendo

Fonte e lavadoiro de Canisada. Conta con dous estanques para regar, chamados Agrelo e Lago do Monte, situado no barrio da Meixoadada.

Fonte e lavadoiro do Foxo, tamén ten un estanque para regadío. Situado no barrio da Meixoadada de Abaixo

Fonte e lavadoiro do Regueiro, tamén con estanque para regadío. Situado no barrio da Meixoadada de Arriba.

Fonte e lavadoiro do Río Grande, con estanque para regadío. A fonte desapareceu coas obras da Vía Rápida, só queda o lavadoiro e o estanque totalmente abandonados. Situado no barrio da Meixoadada.

Fonte das Barreiras. Esta fonte estaba no lugar onde hoxe se atopa o depósito xeral de auga da traída, dez metros máis abaixo o concello fixo outra con auga da traída. Non queda tampouco nin lavadoiro nin estanque. Situado no barrio da Meixoadada.

Fonte da Abeleira. Antes tiña un pequeno lavadoiro, hoxe inexistente, na actualidade está seca e abandonada. Situada no barrio da Meixoadada de Arriba.

Fonte e lavadoiro de Figueirido, con estanque para regar. Atópase a beira da estrada preto de Paxarín, no barrio do Casal.

Fonte Ridogrés. A súa auga vai ao río das Saíñas, está situada no vello camiño que ía do Casal a Paxarín.

Fonte da Regueira. Atópase seca e seme abandonada, situada no barrio do Casal.

Fonte do Adro da Igrexa. Atópase na marxe esquerda das escaleiras que dan acceso a igrexa parroquial. A súa construción data dos anos 80, situada no barrio do Cruceiro.

Fonte e lavadoiro da Granxa. O seu conxunto foi restaurado en 1990, situada preto do cemiterio municipal, no barrio do Cruceiro.

Fonte da Peroxa. Esta fonte como outras, levouna arrastro a nova estrada. A súa auga era moi lixeira, por ese motivo a recomendaban os médicos da familia Soage. No seu lugar orixinal escavouse un túnel, despois fíxose unha prospección da auga, unha verdadeira chapuza, e levouse a auga cunha manguera de plástico vinte metros máis arriba, onde se enterrou unha pedra con cano, debaixo púxose un estanque de cemento. Situada no barrio do Cruceiro.

Fonte da casa Nova. Foi restaurada en 1935, polo mestre canteiro Xosé Barreiro, que restaurou e fixo moitas fontes e lavadoiros. Posúe un pequeno estanque para os regantes. Situada no barrio do Cruceiro

Fonte e lavadoiro da Pedra. Un pouco máis abaixo tamén ten un estanque para regadío. Foi restaurada en 1933 polo canteiro Xosé González. Desta fonte levaban a auga para a rectoral, e o gaiteiro Xosé Budiño compuxo unha fermosa melodía na súa honra, a que o nome da fonte lle dá título. Situada no barrio do Cruceiro.

Fonte e lavadoiro do Rial. Restaurada por Xosé Barreiro no ano 1932. No seu conxunto está moi ben traballada, a cuberta do lavadoiro é recente. Conta señor Marcial de Santeiros, que nesta fonte cada veciño da Salde tiña o súa quenda para poñer os mollos do liño de remollo. Situada no barrio da Salde.

Fonte e lavadoiro do río do Pazo. Segue no mesmo estado dende o ano 1932, no que foi restaurada polo canteiro Xosé Barreiro, natural de Xeve e veciño do cruceiro. Curiosamente a fonte está máis abaixo que o lavadoiro, pois recibe a auga dun manancial propio, e o lavadoiro aproveita a auga directamente do río. Situada no barrio de os Piñeiros.

Fonte Moderna. No lugar por onde pasa a Vía Rápida había un manancial moi abundante, con auga moi boa, a cal se empregaba para beber e tamén para regar os comareiros, atópase totalmente desaparecida. A poucos metros do lugar, a empresa que fixo as obras da Vía Rápida recolleron as augas nun tubo de grandes dimensións, e suponse que con ela as da vella fonte. Situada no lugar dos Piñeiros.

Fonte e lavadoiro da Chicaja. Acaron da taberna da Chicaja.

FONTES E LAVADOIROS DA PARROQUIA DE TIRAN.

FONTE E LAVADOIRO DE O CON. Na rua Daniel Castelo.

FONFE DO CON , MODERNA . Situada en fronte do acibo , na rotonda de o con.

LAVADOIRO E FONTE DO PRADO. Na estrada que vai da rectoral a albariños.

LAVADOIRO DA REGUEIRA (no Ramil.)

FONTE E LAVADOIRO DO LAZARETO,(coñecido como a pociña).Baixada a praia da videira.

FONTE E LAVADOIRO DA MAIA. No barrio de Vilela.

Esta parroquia conta con algúns lagos que actualmente se atopan en desuso , cubertos pola maleza .Tiña unhas cantas minas de auga que se perderon na súa totalidade.Conta con moitos hulleiros naturais , onde nace a auga. Non conta con grandes ríos, pero si varios regatos que recorren o seu territorio regando as veigas sementadas e morrendo mansamente no mar. O galla que o progreso salvaxe non os leve por diante , como pasou coas minas de auga.